

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

- 1092** *Real decreto 19/2014, do 17 de xaneiro, polo que se refunden os organismos autónomos Instituto Nacional do Consumo e Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición nun novo organismo autónomo denominado Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición e se aproba o seu estatuto.*

A Axencia de Seguridade Alimentaria e Nutrición e o Instituto Nacional do Consumo son dous organismos autónomos dos relacionados no artigo 43,1.a) da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

O Instituto Nacional do Consumo, creado en 1975 polo Decreto 2950/1975, do 7 de novembro, polo que se reorganiza o Consello de Comercio Interior e dos Consumidores e se crea o Instituto Nacional do Consumo, e ao cal o Real decreto 3162/1977, do 11 de novembro, polo que se transforman en organismos autónomos determinados servizos públicos centralizados e se clasifican os novos organismos autónomos resultantes da transformación, lle recoñece a condición de organismo autónomo, alcanza a súa natureza actual a partir da promulgación da Constitución española de 1978. O seu artigo 51 encomenda aos poderes públicos garantir a defensa dos consumidores e usuarios protexendo, mediante procedementos eficaces, a súa seguridade, saúde e os seus lexítimos intereses económicos, ademais de promover a información e a educación dos consumidores e usuarios e fomentar as súas organizacións e oílas nas cuestións que poidan afectar aqueles, nos termos que a lei estableza.

Esa lei é, actualmente, o Real decreto lexislativo 1/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios, e outras leis complementarias, por cuxo cumprimento lle corresponde velar ao Instituto Nacional do Consumo, no ámbito competencial da Administración xeral do Estado.

Pola súa banda, a Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición, creada pola Lei 11/2001, do 5 de xullo, pola que se crea a Axencia Española de Seguridade Alimentaria, nace como órgano destinado a mellorar a xestión integral da seguridade alimentaria en toda a cadea de produción, elaboración, distribución e consumo, en cumprimento do mandato constitucional de protexer a saúde dos cidadáns no ámbito da alimentación e da nutrición, e en resposta ao Libro branco sobre a seguridade alimentaria, presentado pola Comisión Europea, que propuña a creación, nos Estados membros, de organismos nacionais de cooperación e intercambio de información, en materia de seguridade alimentaria, que funcionen como unha rede baixo a coordinación dunha futura autoridade europea na materia. Así mesmo, a Lei 44/2006, do 29 de decembro, de mellora da protección dos consumidores e usuarios, atribúelle á Axencia a competencia en materia de nutrición.

Ambos os organismos comparten misión en canto á protección da saúde e seguridade dos consumidores e usuarios e, aínda que cada un deles ten áreas de actuación específicas, o certo é que os dous traballan no ámbito dos alimentos, aínda que con competencias diferentes, e os dous dispoñen de liñas de traballo de carácter administrativo, analítico e de investigación que se poden complementar e, así, rendibilizar mellor o uso dos recursos públicos. A nova Axencia nace, en definitiva, cunha vocación integradora e de cooperación de todos os axentes involucrados na garantía da seguridade dos consumidores no seu sentido máis amplo.

Nas institucións da Unión Europea, a estrutura administrativa que vela polos intereses dos consumidores e usuarios, tanto no ámbito da seguridade alimentaria coma no do consumo, forma parte dunha mesma dirección xeral, favorecendo un tratamento integral e un enfoque conxunto destas materias.

A atribución, polo Real decreto 200/2012, do 23 de xaneiro, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e se modifica o Real decreto 1887/2011, do 30 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica básica dos departamentos ministeriais, á persoa titular da Secretaría Xeral de Sanidade e Consumo da presidencia dos organismos autónomos, Instituto Nacional do Consumo e Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición, facilita que se leve a cabo unha reestruturación no mesmo sentido.

A refundición de ambos os organismos autónomos permite abordar a protección dos consumidores e usuarios desde un único organismo que leve a cabo a previsión constitucional da maneira global con que se concibe na Constitución española, baixo unha soa dirección que garanta a unidade de criterio, dificulte as disfuncións no cumprimento das tarefas e faga gañar en eficacia e eficiencia a xestión da Administración xeral do Estado.

Ademais, esta iniciativa favorece a simplificación e a sustentabilidade da estrutura administrativa, cumpríndose, deste xeito, un dos principios da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable.

Na súa virtude, de conformidade co establecido no artigo 63.2 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, por iniciativa da ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e por proposta do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 17 de xaneiro de 2014,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1. *Refundición de organismos autónomos.*

Refúndense os organismos autónomos Instituto Nacional do Consumo e Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición nun novo organismo autónomo denominado Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición e apróbase o seu estatuto cuxo texto se incorpora a continuación.

##### Artigo 2. *Natureza xurídica e adscrición.*

1. A Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición é un organismo autónomo dos previstos no artigo 43.1.a) da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, adscrito ao Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, a través da Secretaría Xeral de Sanidade e Consumo.

2. A Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición ten personalidade xurídica propia e diferenciada da do Estado, plena capacidade xurídica e de obrar para o desenvolvemento dos seus fins, patrimonio propio e autonomía administrativa e réxese conforme o previsto na Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado; na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; no Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público; na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e na restante normativa de aplicación aos organismos autónomos da Administración xeral do Estado.

##### Artigo 3. *Funcións.*

Correspóndenlle á Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición as funcións que con anterioridade lles corresponderon aos organismos refundidos nos ámbitos do consumo, da seguridade alimentaria e da nutrición.

Disposición adicional primeira. *Constitución da Axencia.*

1. A constitución efectiva da Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición terá lugar no momento da entrada en vigor deste real decreto. A partir da dita data, entenderanse atribuídas á Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición e aos seus órganos, unidades, centros ou servizos as competencias e funcións sinaladas no estatuto.

2. A constitución efectiva da Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición e os seus órganos, centros e servizos realizarase sen interromper, en ningún caso, os labores e as funcións que veñen desenvolvendo os actualmente encargados da súa realización.

3. Corresponderalle á persoa titular do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade determinar a efectiva posta en marcha e a ordenada sucesión dos correspondentes servizos e funcións.

Disposición adicional segunda. *Supresión de órganos, centros e servizos.*

Unha vez constituída de forma efectiva a Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición, de acordo co establecido na disposición adicional primeira do presente real decreto, quedarán suprimidos os seguintes órganos:

Secretaría Xeral da Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición.

Subdirección Xeral de Xestión de Riscos Alimentarios.

Subdirección Xeral de Coordinación de Alertas Alimentarias e Programación do Control Oficial.

Subdirección Xeral de Coordinación, Calidade do Consumo e Cooperación Institucional.

Subdirección Xeral de Arbitraje, Normativa e Asociacionismo de Consumo.

Laboratorio Comunitario de Biotoxinas Mariñas.

Disposición adicional terceira. *Referencias normativas.*

As referencias que en normas legais ou regulamentarias se realicen ao Instituto Nacional do Consumo e á Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición entenderanse feitas á Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición.

Disposición adicional cuarta. *Gasto público.*

As previsións contidas no presente real decreto e no estatuto que mediante este se aproba non suporán no seu desenvolvemento incremento do gasto público.

A creación da Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición, por refundición dos organismos citados no artigo 1, efectuarase sen incremento de dotacións, nin de retribucións nin doutros gastos de persoal.

Disposición adicional quinta. *Limitación de remuneracións e indemnizacións por razón do servizo.*

1. Os membros pertencentes aos órganos colexiados adscritos á Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición non percibirán ningunha remuneración derivada da súa condición de membros dos ditos órganos, nin polo exercicio das funcións inherentes á súa pertenza a eles.

2. Con independencia do número de membros que compoñen os órganos colexiados previstos no estatuto, en aplicación do establecido na disposición adicional cuarta do Real decreto 910/2012, do 8 de xuño, polo que se aproba o Regulamento do Consello de Persoal das Forzas Armadas, os membros que excedan os límites previstos no Real decreto 451/2012, do 5 de marzo, polo que se regula o réxime retributivo dos máximos responsables e directivos no sector público empresarial e noutras entidades, e normas de

desenvolvemento, non terán dereito a ningunha indemnización, nin sequera de gastos de viaxe ou axudas de custo dos previstos no Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

Disposición adicional sexta. *Patrimonio da Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición.*

1. Os bens integrantes dos organismos autónomos suprimidos, así como os do Estado adscritos aos ditos organismos, adscribiranse ao novo organismo autónomo.
2. O novo organismo autónomo subrogarase na titularidade de todos os dereitos e obrigas dos organismos suprimidos.

Disposición adicional sétima. *A Comisión Interministerial de Consumo.*

1. A Comisión Interministerial de Consumo, directamente adscrita ao Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, ten por obxecto instrumentar a efectiva colaboración entre os distintos departamentos ministeriais para o desenvolvemento da iniciativa estratéxica do Goberno en materia de consumo, co fin de fomentar un consumo responsable por parte dos consumidores e usuarios, entendendo por tal un consumo saudable, seguro, solidario e sustentable, en liña co Plan de economía sustentable do Goberno de España.
2. O marco regulatorio da Comisión está recollido na súa norma de creación, o Real decreto 306/2010, do 15 de marzo, polo que se crea a Comisión Interministerial de Consumo e se regulan as súas funcións, composición e funcionamento.

Disposición adicional oitava. *A Comisión técnica para a seguridade dos produtos.*

1. A Comisión técnica para a seguridade dos produtos, directamente adscrita ao Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, é o órgano técnico de asesoramento e estudo creado para o correcto exercicio das competencias da Administración xeral do Estado en materia de seguridade de produtos.
2. A composición e funcións desta comisión aparece regulada no Real decreto 1801/2003, do 26 de decembro, sobre seguridade xeral dos produtos.

Disposición transitoria primeira. *Subsistencia de unidades, centros e servizos.*

1. As unidades e os postos de traballo con nivel orgánico inferior a subdirección xeral continuarán subsistentes e serán retribuídos con cargo aos mesmos créditos orzamentarios ata que se aproben as relacións de postos de traballo adaptadas á estrutura prevista no estatuto que se aproba mediante este real decreto.
2. As unidades e os postos de traballo afectados por este real decreto adscribiranse provisionalmente, mediante resolución da Subsecretaría de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, ata que entre en vigor a nova relación de postos de traballo, aos órganos da Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición, en función das atribucións que estes teñen asignadas. A dita adaptación non poderá supor, en ningún caso, aumento dos custos de persoal.

Disposición transitoria segunda. *Operacións contables e orzamentarias.*

1. As operacións executadas durante o exercicio 2014 polo organismo Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición (Aecosan), rexistraranse na contabilidade e no orzamento de cada un dos organismos extinguidos, segundo o ámbito a que correspondan as ditas operacións.
2. O presidente do organismo Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición (Aecosan) formulará e aprobará por cada un dos organismos extinguidos unha conta do exercicio 2014 que incluírá as operacións realizadas por cada organismo e as

indicadas no número 1 anterior, procedendo tamén á súa rendición ao Tribunal de Contas nos termos que se establecen na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Disposición transitoria terceira. *Formulación e aprobación de contas.*

A formulación e aprobación das contas anuais do exercicio 2013 dos organismos extinguidos e a súa rendición ao Tribunal de Contas nos termos que se establecen na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, corresponderalle ao presidente do organismo Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición (Aecosan).

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogados o Decreto 2950/1975, do 7 de novembro, polo que se reorganiza o Consello de Comercio Interior e dos Consumidores e se crea o Instituto Nacional do Consumo; o Real decreto 709/2002, do 19 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Española de Seguridade Alimentaria, e o artigo 9 do Real decreto 1087/2003, do 29 de agosto, polo que se establece a estrutura orgánica do Ministerio de Sanidade e Consumo, así como as disposicións que se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 200/2012, do 23 de xaneiro, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e se modifica o Real decreto 1887/2011, do 30 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica básica dos departamentos ministeriais.*

O Real decreto 200/2012, do 23 de xaneiro, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e se modifica o Real decreto 1887/2011, do 30 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica básica dos departamentos ministeriais, queda modificado no seguintes termos:

Un. Modifícase o número 5 do artigo 10, que pasa a ter a seguinte redacción:

«5. Igualmente, adscríbese á Secretaría Xeral de Sanidade e Consumo o organismo autónomo Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición, así como a axencia estatal Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios, e correspóndelle ao seu titular a presidencia destes.»

Dous. Modifícase a disposición adicional segunda, que queda redactada do seguinte modo:

«Disposición adicional segunda. *Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.*

Correspóndelle ao presidente da Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición a presidencia da Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria, regulada polo Real decreto 1456/1982, do 18 de xuño.»

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento normativo e aplicación.*

Facúltase a persoa titular do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade para que adopte as medidas que sexan necesarias para o desenvolvemento e execución do presente real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Modificacións orzamentarias.*

Sen prexuízo do disposto na disposición adicional cuarta, o ministerio ou a autoridade competente realizará as modificacións orzamentarias pertinentes para a habilitación dos créditos necesarios para o cumprimento do previsto nesta disposición.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 17 de xaneiro de 2014.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Facenda e Administracións Públicas,  
CRISTÓBAL MONTORO ROMERO



## ESTATUTO DA AXENCIA ESPAÑOLA DE CONSUMO, SEGURIDADE ALIMENTARIA E NUTRICIÓN

### CAPÍTULO I

#### Disposicións xerais

##### Artigo 1. *Natureza xurídica e adscrición orgánica.*

1. A Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición é un organismo autónomo dos previstos no artigo 43.1.a) da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, adscrito ao Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade a través da Secretaría Xeral de Sanidade e Consumo, con personalidade xurídica diferenciada e plena capacidade de obrar.

2. Correspóndenlle á Secretaría Xeral de Sanidade e Consumo a dirección estratéxica, a avaliación e o control dos resultados da actividade do dito organismo.

##### Artigo 2. *Réxime xurídico.*

1. A Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición rexerese polo disposto na Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado; na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; no texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro; na Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas; na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e na restante normativa de aplicación aos organismos autónomos da Administración xeral do Estado.

2. Ademais, a Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición rexerese, no que se refire ao exercicio das súas competencias específicas, pola Lei 11/2001, do 5 de xullo, pola que se crea a Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición; pola Lei 17/2011, de seguridade alimentaria e nutrición; polo texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2007, do 16 de novembro, así como polo presente estatuto. Así mesmo, e en canto lle sexa de aplicación, polo establecido na Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, na medida en que lle atribúe competencias ao Estado e demais normativa de xeral e especial aplicación.

3. Para efectos do sinalado na lexislación sobre contratación dos entes do sector público e demais normativa pública de contratación que resulte de aplicación, a Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición terá a consideración de medio propio e servizo técnico da Administración xeral do Estado ao cal se lle poderá encomendar a realización de traballos e tarefas en relación coas funcións previstas nas alíneas h), j), k), ñ) e p) do número 2 do artigo 4. As encomendas establecerán os termos e as condicións de realización dos citados traballos e tarefas.

As tarifas dos servizos prestados pola Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición, na súa condición de medio propio instrumental, serán aprobadas por resolución da Secretaría Xeral de Sanidade e Consumo, logo de autorización da ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, que se publicará no «Boletín Oficial del Estado».

A Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición estará obrigada a realizar os traballos que lle encomende a Administración xeral do Estado nas materias recollidas no primeiro parágrafo deste número 3, e non poderá participar nas licitacións públicas convocadas pola dita administración aínda que, cando non concorran ningún licitador, se lle poderá encargar a execución da prestación obxecto delas. Neste último caso, así como nos supostos en que a realización dos traballos e tarefas fosen subcontratados con terceiros, a contratación rexerese polo establecido na lexislación de contratos do sector público.

### Artigo 3. *Potestades administrativas.*

Á Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición, dentro da esfera das súas competencias, correspóndelle o exercicio das potestades administrativas precisas para o cumprimento dos seus fins, nos termos establecidos neste estatuto e de acordo coa lexislación aplicable.

## CAPÍTULO II

### **Obxectivos e funcións da Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición**

#### Artigo 4. *Obxectivos e funcións.*

1. A Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición ten como obxectivos xerais exercer, en desenvolvemento do establecido no artigo 51 da Constitución española e no texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, a promoción e o fomento dos dereitos dos consumidores e usuarios, así como, en desenvolvemento da Lei 17/2011, do 5 de xullo, de seguridade alimentaria e nutrición, promover a seguridade alimentaria, como aspecto fundamental da saúde pública, ofrecer garantías e información obxectiva aos consumidores e axentes económicos do sector agroalimentario español, e planificar, coordinar e desenvolver estratexias e actuacións que fomenten a información, educación e promoción da saúde no ámbito da nutrición e, en especial, a prevención da obesidade. Todo iso desde o ámbito de actuación das competencias da Administración xeral do Estado e coa cooperación das demais administracións públicas e sectores interesados.

A Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición poderá perseguir a consecución dos seus obxectivos actuando en calquera outro ámbito que se lle asigne á luz dos avances científicos e das novas demandas sociais.

2. Correspóndenlle á Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición, con carácter xeral, as seguintes funcións:

a) Coordinar as actuacións das administracións con competencias que incidan directa ou indirectamente no consumo, na seguridade alimentaria e na nutrición.

b) Identificar e coordinar os foros intersectoriais e interterritoriais con competencias no consumo, na seguridade alimentaria e na nutrición.

c) Establecer e manter os mecanismos necesarios para actuar de modo integrado na rede europea de axencias ou organismos de consumo, seguridade alimentaria e nutrición.

d) Propoñer medidas de xestión do risco en alimentos formulando, entre outras medidas, propostas para novos desenvolvementos normativos e promovendo a simplificación e unificación das normas, así como planificar, coordinar e desenvolver estratexias de actuación en relación coas enfermidades de transmisión alimentaria.

e) Elaborar propostas de ordenación e propostas normativas en materia de bens e servizos que faciliten e melloren a protección do consumidor, así como emitir informe preceptivamente sobre os proxectos de normas, autorizacións ou propostas que afecten os servizos ou produtos de consumo non alimenticios.

f) Coordinar e informar sobre a posición de España e, de ser o caso, representala, nos asuntos de seguridade alimentaria, nutrición e consumo que se traten na Unión Europea e nos organismos internacionais, especialmente na Comisión Mixta FAO/OMS do Codex Alimentarius, da cal a Axencia será punto de contacto.

g) A xestión do Rexistro Xeral Sanitario de Empresas Alimentarias e Alimentos.

h) Coordinar as actuacións das administracións públicas en territorio nacional, relativas ao control oficial de produtos alimenticios, para protexer a saúde e os intereses dos consumidores e do conxunto dos axentes da cadea alimentaria.



i) Coordinar o funcionamento das redes de alerta existentes en territorio español, recollidas no capítulo V deste real decreto, e a súa integración nos respectivos sistemas comunitario e internacional.

j) Facilitarlles ás administracións competentes soporte técnico e avaliacións de riscos en materia de seguridade alimentaria para a súa utilización nas súas actuacións normativas e executivas, facilitando a coordinación das entidades implicadas.

k) Elaborar, promover e participar en estudos e traballos de investigación sobre consumo, nutrición e seguridade alimentaria.

l) Impulsar a Estratexia da nutrición, actividade física e prevención da obesidade, de acordo co establecido na Lei 17/2011, do 5 de xullo, de seguridade alimentaria e nutrición.

m) Impulsar e participar no seguimento e xestión dos códigos de autorregulación que se acordan en materia de publicidade de alimentos e bebidas, especialmente as dirixidas a menores, e calquera outro que se adopte para a mellora dos bens e servizos prestados aos consumidores e usuarios.

n) Apoiar, no seu funcionamento, o Observatorio da Nutrición e de Estudo da Obesidade previsto na Lei 17/2011, do 5 de xullo, de seguridade alimentaria e nutrición.

ñ) Promover cantas accións de formación, información e educación sexan precisas para os cidadáns, as administracións públicas e os axentes sociais implicados.

o) Diseñar e xestionar estratexias de comunicación do risco alimentario, dos beneficios e riscos, establecendo os mecanismos precisos que faciliten a adecuada percepción do consumidor, así como a comunicación doutros riscos que afecten a seguridade dos consumidores.

p) A realización de análises, probas e ensaios sobre a calidade e seguridade dos alimentos, bens e servizos de uso e consumo, a formación e asesoramento de persoal técnico, o desenvolvemento de métodos analíticos e a súa difusión.

q) A ordenación e xestión do Sistema arbitral de consumo.

r) O establecemento de criterios comúns no ámbito do consumo, logo de consulta ás comunidades autónomas.

s) A preparación de accións xudiciais en defensa dos intereses xerais dos consumidores, segundo o previsto na lexislación vixente.

t) O fomento e o rexistro das asociacións de consumidores e usuarios.

u) Xestión do Rexistro Estatal de Empresas de Intermediación Financeira, incluíndo a instrución e resolución de procedementos derivados das infraccións relacionadas con el.

v) Cantas outras funcións lle correspondan tendo en conta os obxectivos descritos no punto anterior.

3. A Axencia integrará e desempeñará, no marco competencial da Administración xeral do Estado, todas as funcións relacionadas coa protección da saúde dos consumidores, coa excepción do control hixiénico-sanitario de mercadorías alimentarias en fronteira, que seguirá sendo exercido, no marco da competencia exclusiva do Estado, pola autoridade competente en materia de sanidade exterior. Particularmente, manterase unha coordinación permanente coa autoridade competente en materia de sanidade exterior.

4. Sen prexuízo das competencias exercidas por outros departamentos en materia agroalimentaria ou ambiental, en aspectos que poidan incidir indirectamente na seguridade dos alimentos e produtos alimenticios destinados ao consumidor, a Axencia velará pola consecución e o mantemento da seguridade en todas as fases da cadea alimentaria posteriores á produción primaria, mediante procedementos de coordinación, seguimento e, cando cumpra, de avaliación de actuacións e formulación de propostas.

5. A Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición integrará e desempeñará, no marco competencial da Administración xeral do Estado, todas as funcións relacionadas coa protección da saúde e a seguridade dos consumidores, coa excepción daquelas atribuídas a outros organismos do Estado cos cales se manterá unha coordinación permanente.

6. Así mesmo, a Axencia asumirá a xestión do Centro Europeo do Consumidor en España, integrado na ECC-Net de Unión Europea.

## CAPÍTULO III

**Órganos da Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición***Sección 1.<sup>a</sup> Órganos da Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición***Artigo 5. Órganos da Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición.**

Os órganos da Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición son os seguintes:

1. Órganos reitores:
  - a) O presidente.
  - b) O Consello de Dirección.
2. Órganos de dirección e xestores:
  - a) O director executivo.
  - b) Subdirectores xerais.
3. Órganos de asesoramento e coordinación:
  - a) A Comisión Institucional.
  - b) O Comité de Valoración.
  - c) O Consello Consultivo.
  - d) O Consello de Consumidores e Usuarios.
  - e) O Consello Xeral do Sistema Arbitral de Consumo.
4. Órganos de avaliación de riscos: o Comité Científico.

*Sección 2.<sup>a</sup> Órganos reitores***Artigo 6. Presidente da Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición.**

Exercerá a presidencia da Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición a persoa titular da Secretaría Xeral de Sanidade e Consumo.

**Artigo 7. Funcións do presidente.**

1. Son funcións do presidente, como presidente da Axencia:
  - a) Exercer a máxima representación institucional da Axencia no ámbito nacional e internacional, sen prexuízo das competencias que como representante legal do organismo lle corresponden ao seu director executivo. Os actos e as resolucións do presidente porán fin á vía administrativa.
  - b) Actuar como nexo de conexión entre o organismo e o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, ao cal aquel está adscrito.
  - c) Exercer a superior coordinación dos órganos da Axencia, sen prexuízo das funcións que se lle asignan ao director executivo.
  - d) Informar o Consello de Dirección verbo daqueles expedientes de alerta que, en función da súa potencial gravidade, se deban elevar ao citado órgano de goberno da Axencia. Esta maneira de proceder levarase a cabo sistematicamente en situacións de crise ou emerxencia.
  - e) Constituír, no seo da Axencia, os comités de crises e emerxencia cando e como resulte necesario, informar o Consello de Dirección, así como desactivalos e igualmente

informar o Consello de Dirección, cando deixen de darse as circunstancias que aconsellaron a súa posta en marcha.

f) Actuar como portavoz único da Axencia en situacións de crise alimentaria e/ou de consumo.

g) Instar os departamentos ministeriais, dentro das competencias de cada un, para a elaboración de disposicións que correspondan ao ámbito de actuación da Axencia.

h) A dirección de coordinación interterritorial, intersectorial e interdepartamental en situacións de crise alimentaria e/ou de consumo.

i) Propoñer ao Consello de Dirección a aprobación das liñas xerais de actuación da Axencia, de acordo coas directrices da política de seguridade alimentaria, nutrición e consumo.

j) Aprobar e, de ser o caso, actualizar o procedemento xeral de actuación para situacións de crise e emerxencia.

k) Aprobar e, de ser o caso, actualizar o procedemento xeral de comunicación de riscos.

l) Ditar instrucións e circulares sobre as materias que sexan competencia da Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición.

m) Resolver os recursos dealzada contra os actos e resolucións do director executivo, poñendo fin á vía administrativa.

n) Formular e aprobar as contas, así como a súa rendición ao Tribunal de Contas por conduto da Intervención Xeral da Administración do Estado.

ñ) Aprobar, por proposta, de ser o caso, do órgano competente, os estudos ou informes elaborados por solicitude do Goberno ou dos seus membros.

2. Son funcións do presidente, como presidente do Consello de Dirección:

a) Presidir o Consello de Dirección, a Comisión Institucional, o Consello Consultivo da Axencia e a Comisión Interministerial de Consumo, ordenar as súas correspondentes convocatorias e fixar as respectivas ordes do día tendo en conta as peticións que formulen os membros.

b) Formular proposta de nomeamento do director executivo e sometela ao Consello de Dirección, para efectos de informe preceptivo.

c) Comunicarlles ás administracións públicas competentes os acordos, decisións ou recomendacións adoptados polos órganos da Axencia.

Artigo 8. *O Consello de Dirección.*

O Consello de Dirección é o órgano reitor da Axencia, ao cal lle corresponde velar pola consecución dos obxectivos asignados a esta e exercer a superior dirección do dito organismo autónomo.

Artigo 9. *Composición do Consello de Dirección.*

O Consello de Dirección da Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición, cuxos membros deberán ser persoas de recoñecida competencia profesional en calquera dos ámbitos relevantes para o seu funcionamento, estará composto na forma seguinte:

a) O presidente, que será o presidente da Axencia.

b) Vicepresidentes:

O Consello de Dirección contará con dous vicepresidentes, primeiro e segundo.

Os vicepresidentes non poderán ser elixidos de entre os membros do Consello de Dirección.

A vicepresidencia primeira corresponde ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

A vicepresidencia segunda corresponde ao Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.

Os vicepresidentes, que terán polo menos nivel orgánico de director xeral, serán nomeados pola persoa titular do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade por proposta da persoa titular dos ministerios de adscrición.

c) Vogais:

1.º Proporase a designación dun vogal por cada un dos ministerios de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, de Fomento e de Economía e Competitividade. Todos os membros propostos terán a categoría de subdirector xeral.

As propostas correspondentes trasladaranse á persoa titular do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, co obxecto de que sexan designados por este como vogais do Consello de Dirección.

2.º As comunidades autónomas designarán tres membros, un deles elixido de entre os seus membros polo Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, outro elixido tamén de entre os seus membros pola Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural e un máis elixido de entre os seus membros pola Conferencia Sectorial de Consumo. As propostas correspondentes trasladaranse á persoa titular do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, para a súa designación como vogais.

3.º A asociación máis representativa dos municipios e provincias españolas elevará á persoa titular do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade a proposta de designación dun vogal en representación das entidades locais.

4.º O Consello de Consumidores e Usuarios elevará á persoa titular do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade a proposta de designación de dous vogais.

5.º As organizacións económicas máis representativas dos sectores agroalimentarios de produción, transformación, distribución e restauración elevarán á persoa titular do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade catro propostas de designación, que terán a condición dun posto de vogal «pro tempore» mediante un procedemento de rotación equitativo. Corresponderalle a cada un dos propostos desempeñar, consecutivamente e sen solución de continuidade, un período de mandato dun ano e respectarase na dita rotación a seguinte orde de precedencias: produción, transformación, distribución e restauración. A devandita orde preestablecida poderase adecuar en caso de necesidade, a criterio do Consello de Dirección, cando concorran circunstancias de xestión de riscos alimentarios que así o aconsellen.

6.º As organizacións económicas máis representativas dos sectores industriais de produción, distribución e comercialización de produtos, e dos servizos de interese xeral, elevarán á persoa titular do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade catro propostas de designación, que terán a condición dun posto de vogal «pro tempore» mediante un procedemento de rotación equitativo. Corresponderá a cada un dos propostos desempeñar, consecutivamente e sen solución de continuidade, un período de mandato dun ano, e respectarase na dita rotación a seguinte orde de precedencias: produción, distribución e comercialización de produtos e prestación de servizos de interese xeral. A dita orde preestablecida poderase adecuar en caso de necesidade, a criterio do Consello de Dirección, cando concorran circunstancias de seguridade ou mercado que así o aconsellen.

d) Exercerá as funcións de secretario do Consello de Dirección un funcionario da Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición, que levantará a acta das sesións celebradas e actuará con voz pero sen voto.

Artigo 10. *Duración do mandato dos membros do Consello de Dirección.*

1. O período de mandato dos membros do Consello de Dirección será de catro anos, renovable por períodos de igual duración, que comezará a computarse desde o día seguinte ao da publicación no «Boletín Oficial del Estado» do seu nomeamento.

O estamento a que, de ser o caso, corresponda a vacante anticipada deberá presentar a oportuna proposta de novo nomeamento ante a persoa titular do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.

2. O mandato do nomeado para ocupar unha vacante anticipada no cargo comezará igualmente desde a publicación no «Boletín Oficial del Estado» do seu nomeamento, e expirará ao mesmo tempo que o dos restantes membros do Consello.

3. En ningún caso a renovación da totalidade dos membros do Consello paralizará o seu funcionamento. Para iso, os membros do Consello, incluído o seu presidente, continuarán no exercicio das súas funcións ata a toma de posesión dos membros do novo Consello.

*Artigo 11. Declaración de independencia, transparencia e confidencialidade para os membros do Consello de Dirección.*

1. No desenvolvemento das súas funcións, os membros do Consello de Dirección deberán manter a súa independencia e a confidencialidade debida en relación cos datos, informacións e deliberacións de que teñan coñecemento por razón da súa pertenza a el.

2. Así mesmo, en virtude do principio de transparencia, os membros do Consello de Dirección cubrirán unha declaración de conflito de intereses e actualizarana cando se dean circunstancias que así o requiran, derivadas do exercicio do cargo en relación con outras actividades profesionais. Cando se dean tales circunstancias, os membros do Consello de Dirección absteranse de participar en calquera actividade súa ou das súas subcomisións, comités ou grupos de expertos en que participen e que comporten un conflito de intereses coas súas actividades profesionais nos termos previstos nesta norma e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Mentres os afectados por esta obriga teñan a consideración de persoal ao servizo da Administración xeral do Estado ou sexan altos cargos, remitirase copia da dita declaración á Oficina de Conflitos de Intereses, dependente da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, para efectos de determinar se estas actividades son acordes co establecido nas leis 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, e 5/2006, do 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración xeral do Estado.

3. Se no transcurso do período de mandato dos membros do Consello de Dirección sobreveñen causas susceptibles de xerar situación de incompatibilidade para o desenvolvemento da súa xestión, os afectados por aquela realizarán ante o presidente da Axencia inmediata declaración delas, que serán avaliadas polo Consello de Dirección. Se a partir da dita avaliación este conclúe que a independencia do declarante para exercer o seu mandato como membro do Consello se podería ver comprometida, o incurso en incompatibilidade terá oito días para optar entre a súa condición de conselleiro e o cargo ou dedicación incompatible. De non exercer opción no prazo sinalado, o Consello formulará, a través do presidente da Axencia, proposta de remoción e substitución ante o estamento que o designou.

No caso de que as ditas causas se refiran a altos cargos ou empregados públicos da Administración xeral do Estado, remitiranse á Oficina de Conflitos de Intereses para efectos de aplicación do previsto nas normas citadas no punto anterior.

*Artigo 12. Funcións do Consello de Dirección.*

Son funcións do Consello de Dirección:

- a) Establecer as liñas xerais de actuación da Axencia.
- b) Coñecer da composición da Comisión Institucional, o Consello Consultivo, o Comité Científico e da Comisión de Seguridade dos Produtos, a partir das propostas formuladas para ese efecto desde os organismos e estamentos correspondentes.

c) Emitir informe preceptivo sobre as propostas de nomeamento do director executivo sometidas polo presidente da Axencia.

d) Colaborar co presidente na emisión dos ditames e informes e atención ás consultas que lle solicite o Goberno da Nación ou os seus membros, no marco dos obxectivos, ámbitos e funcións da Axencia, así como ás consultas formuladas por gobernos autonómicos.

e) Someter ao presidente proxectos de directrices e instrucións que, en desenvolvemento do presente estatuto, sexan precisas para o funcionamento da Axencia, e formular, cando sexa necesario, as propostas normativas precisas para o seu desenvolvemento regulamentario.

f) Aprobar o anteproxecto de orzamentos, a memoria de actividades e o plan de actividades do organismo.

g) Emitir informe con carácter previo á súa aprobación sobre calquera actualización do procedemento xeral de actuación para situacións de crise e emerxencia, que incluíra o plan xeral de comunicación de riscos.

h) Emitir informe sobre os plans plurianuais verbo das necesidades de recursos humanos e materiais necesarios para o desenvolvemento das actividades da Axencia.

#### Artigo 13. *Funcionamento do Consello de Dirección.*

1. O Consello de Dirección reunirse, polo menos, unha vez ao mes con carácter ordinario, así como, con carácter extraordinario, cantas veces o convoque o seu presidente ou por petición dun terzo dos seus membros. O Consello poderá desenvolver as súas reunións con carácter presencial ou mediante procedementos alternativos baseados nas novas tecnoloxías da comunicación, tal como prevén a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

2. Para a válida constitución do Consello será necesaria a presenza de polo menos a metade máis un dos seus membros, máis o presidente e secretario ou, de ser o caso, de quen os substitúa regulamentariamente.

3. Levantarase a acta de cada unha das súas sesións, que comprenderá o desenvolvemento sucinto das sesións e acordos alcanzados nelas.

4. O Consello adoptará as súas decisións por maioría simple dos asistentes, e o presidente dirimirá os empates mediante voto de calidade.

5. O vicepresidente primeiro ou, de ser o caso, o vicepresidente segundo, substituirán o presidente en caso de vacante, ausencia ou enfermidade.

6. Os vicepresidentes colaborarán co presidente nas funcións de representación institucional da Axencia, sen prexuízo das que lle se asignen ao director executivo; presidirán, por instancia do presidente da Axencia e sen prexuízo das funcións do director executivo, as subcomisións, comités ou grupos que se poidan constituír e, con carácter xeral, prestarán a súa colaboración ao presidente da Axencia en todos aqueles asuntos para os cales sexan requiridos.

7. Sen prexuízo do establecido nos puntos anteriores, o Consello de Dirección establecerá, para complementalas, as súas propias normas de funcionamento.

#### *Sección 3.ª Órganos de dirección e xestores*

#### Artigo 14. *Nomeamento e cesamento do director executivo.*

1. O director executivo da Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición, con nivel orgánico de director xeral, exerce a súa representación legal.

2. O director executivo será nomeado polo Consello de Ministros, por proposta do presidente do Consello de Dirección, logo de informe preceptivo do dito consello e por un período de catro anos renovable, entre funcionarios de carreira do subgrupo A1, que sexan persoas de recoñecida competencia nalgún dos campos de actuación da Axencia ou no ámbito da xestión empresarial, de conformidade co disposto no



artigo 18.2 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

3. O director executivo cesará por algunha das seguintes causas:

- a) Expiración do período do seu mandato.
- b) Renuncia aceptada polo Consello de Ministros.
- c) Separación acordada polo Goberno, logo de instrución de expediente, no cal será oído o Consello de Dirección, por incumprimento grave das súas obrigas, incapacidade sobrevida para o exercicio da súa función ou incompatibilidade.
- d) Acordo do Consello de Ministros por proposta do Consello de Dirección.
- e) Condena firme por delito doloso.

4. O director executivo asistirá ás reunións do Consello de Dirección con voz pero sen voto.

5. O director executivo dará conta da súa xestión ao Consello de Dirección e deberá someterlle, para a súa aprobación, os programas de traballo, a memoria anual de actividades realizadas e o anteproxecto de orzamentos.

Artigo 15. *Funcións do director executivo.*

Correspóndenlle ao director executivo as seguintes funcións:

- a) Exercer a dirección do persoal e dos servizos e actividades da Axencia.
- b) Elaborar a proposta de relación de postos de traballo.
- c) Elaborar o anteproxecto de orzamento, do programa de actividades e da memoria de actividades, someténdoo ao Consello de Dirección.
- d) Contratar o persoal en réxime de dereito laboral, logo de cumprimento da normativa aplicable respecto diso.
- e) Ditar instrucións e circulares sobre as materias que sexan competencia da Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición.
- f) Formar parte, con voz pero sen voto, dos distintos órganos colexiados da Axencia e designar o secretario de cada un dos ditos órganos, de entre os funcionarios dela.
- g) Adxudicar e formalizar os contratos e convenios que requiren a xestión da Axencia, e vixiar o seu cumprimento e execución.
- h) Aprobar gastos e ordenar pagamentos dentro dos límites orzamentarios da Axencia.
- i) Exercer a xestión económico-financeira da Axencia, sen prexuízo das competencias de control da Intervención Xeral da Administración do Estado.
- j) Acordar, logo de informe do Consello de Dirección, a elaboración de estudos e informes por iniciativa da propia Axencia e aprobalos por proposta do órgano competente, de ser o caso.
- k) Exercer todas aquelas competencias da Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición que na lei ou neste estatuto non se asignen a outro órgano específico.

Artigo 16. *Subdireccións xerais e unidades básicas.*

1. A Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición estrutúrase nas seguintes unidades e centros, baixo a dependencia do director executivo do dito organismo:

- a) Secretaría Xeral, con nivel orgánico de subdirección xeral, que desempeña funcións de apoio ao director executivo en materia de contratación administrativa, orzamentaria, xestión económica, contabilidade, xurídica, tecnoloxías da información, réxime interior e de xestión de recursos humanos e, especificamente, asume o desenvolvemento das funcións recollidas nas alíneas a), b) e c) do número 2 do artigo 4 deste estatuto.

b) A Subdirección Xeral de Coordinación, Calidade e Cooperación en Consumo, que desempeñará no ámbito da súa actividade as funcións recollidas nas alíneas e), m), p) e u) do número 2 do artigo 4 do presente estatuto.

Así mesmo, corresponde a esta subdirección xeral o control e a supervisión do Centro de Investigación e Control da Calidade na realización de análises, probas e ensaios sobre a calidade e a seguridade dos bens e servizos de uso e consumo, a formación e o asesoramento de persoal técnico, así como a actividade dirixida ao fomento da calidade daqueles.

c) A Subdirección Xeral de Arbitraje e Dereitos do Consumidor, que desempeñará no ámbito da súa actividade as funcións recollidas nas alíneas, e), q), r), s) e t) do número 2 do artigo 4 deste estatuto.

d) A Subdirección Xeral de Promoción da Seguridade Alimentaria, que asume o desenvolvemento das funcións relativas á xestión do risco alimentario na produción, transformación, elaboración, transporte, distribución e venda ou servizo ao consumidor final e colectividade, así como a Secretaría da Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria (CIOA) e, no ámbito da súa actividade, as funcións recollidas nas alíneas d), f), g), k) e p) do número 2 do artigo 4 do presente estatuto.

Corresponden igualmente a esta subdirección xeral o control e a supervisión do Centro Nacional de Alimentación e do Laboratorio de Biotoxinas Mariñas.

e) A Subdirección Xeral de Coordinación de Alertas e Programación do Control Oficial, que desempeñará no ámbito da súa actividade as funcións que aparecen recollidas nas alíneas h) e i) do número 2 do artigo 4 do presente estatuto.

2. Quedan adscritos á Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición, a través das ditas subdireccións xerais e co nivel orgánico que se determine na relación de postos de traballo, os seguintes centros:

1.º O Centro de Investigación e Control da Calidade, que realizará as análises, probas e ensaios sobre a calidade e a seguridade dos bens e servizos de uso e consumo, fomentando a calidade analítica e tecnolóxica na área de control de bens e servizos, e formará e asesorará o persoal técnico.

2.º O Centro Nacional de Alimentación, que realizará funcións de apoio científico-técnico e de control analítico de laboratorio na detección de contaminantes químicos e biolóxicos e actuará como laboratorio de referencia naqueles casos establecidos nas disposicións correspondentes.

3.º O Laboratorio de Biotoxinas Mariñas, que desempeñará funcións de apoio científico-técnico e control analítico de laboratorio no campo das biotoxinas mariñas e actuará como laboratorio de referencia nos casos en que as disposicións correspondentes así o establezan.

3. As demais unidades técnicas estruturaránse conforme estableza a relación de postos de traballo da Axencia Española de Seguridade Alimentaria, Nutrición e Consumo, e adscribiránse á unidade ou subdirección xeral correspondente.

#### *Sección 4.ª Órganos de coordinación e asesoramento*

##### *Subsección 1.ª Órganos de coordinación*

#### *Artigo 17. Da Comisión Institucional.*

1. A Comisión Institucional é o órgano da Axencia encargado de establecer mecanismos eficaces de coordinación e cooperación entre as administracións públicas con competencias en materia de seguridade alimentaria e nutrición. Exercerá, por tanto, funcións de coordinación interterritorial e interdepartamental nestes ámbitos de actuación da Axencia.

2. A través do presidente da Axencia, a Comisión Institucional manterá a comunicación necesaria co Consello Interterritorial do Sistema nacional de saúde e con outras conferencias sectoriais.

Artigo 18. *Composición da Comisión Institucional.*

1. A Comisión Institucional, estará composta por:

- a) Un representante, respectivamente, dos ministerios de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, e de Economía e Competitividade; e dous de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.
- b) Un representante de cada unha das comunidades autónomas.
- c) Un representante por cada unha das cidades de Ceuta e de Melilla.
- d) Catro representantes das entidades locais, designados pola asociación de ámbito estatal de maior implantación.

2. A Comisión estará presidida polo presidente da Axencia. Unha vez constituída, elixirá por e de entre os seus membros dous vicepresidentes e informará diso o Consello de Dirección.

Artigo 19. *Nomeamento e cesamento dos membros da Comisión Institucional.*

O nomeamento e cesamento dos membros da Comisión Institucional corresponderalles aos departamentos da Administración xeral do Estado ou ás administracións territoriais ás cales aqueles representen, e tales situacións serán comunicadas en todo caso á persoa titular do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade. Da mesma forma, poderase designar un suplente por cada un dos membros da Comisión Institucional.

Artigo 20. *Funcionamento da Comisión Institucional.*

1. A Comisión Institucional poderá funcionar en pleno ou en grupos de traballo específicos.

2. O Pleno da Comisión Institucional reunirse en sesión ordinaria con periodicidade bimestral, e poderá reunirse en sesión extraordinaria por instancia do presidente ou por demanda dun terzo dos seus membros. A Comisión poderá desenvolver as súas reunións con carácter presencial ou mediante procedementos alternativos baseados nas novas tecnoloxías da comunicación, tal como prevén a Lei 11/2007, do 22 de xuño.

3. O Pleno acordará a creación de grupos de traballo específicos que, con carácter xeral, non serán permanentes. O acordo de creación dos ditos grupos establecerá o obxecto destes, o prazo no cal se deberán constituír e no cal deberán cumprir o mandato encomendado polo Pleno. Levantará as actas das súas sesións e como secretario actuará o funcionario designado polo director executivo da Axencia.

4. A Comisión Institucional poderá elaborar un regulamento interno de funcionamento no cal se especificarán o réxime de adopción de acordos, o carácter das convocatorias, así como cantos aspectos instrumentais se considere conveniente establecer.

Artigo 21. *O Comité de Valoración.*

1. O Comité de Valoración é o órgano encargado de resolver os problemas expostos cando se dan discrepancias entre as administracións competentes na adopción de medidas respecto de certos produtos inseguros. O Comité está integrado por representantes da Administración xeral do Estado e das comunidades autónomas e o seu funcionamento acomodarse ao regulado na Guía para a xestión da Rede de alerta de seguridade de produtos non alimenticios.

Subsección 2.<sup>a</sup> Órganos de asesoramentoArtigo 22. *O Consello Consultivo. Composición.*

1. O Consello Consultivo é o órgano de participación activa da sociedade nos asuntos relacionados coa seguridade alimentaria e a nutrición.

2. O Consello Consultivo estará composto por:

a) Seis representantes das organizacións sociais máis representativas: tres polas asociacións de consumidores, propostos polo Consello de Consumidores e Usuarios, e tres propostos polo Consello Económico e Social. En todos os casos, o ámbito de actividade dos representantes propostos deberá incidir directa ou indirectamente na seguridade alimentaria e a nutrición.

b) Oito representantes das organizacións económicas máis representativas dos sectores da produción, transformación, distribución e restauración.

c) Seis representantes das organizacións colexiais de médicos, farmacéuticos, veterinarios, enxeñeiros agrónomos, biólogos e químicos, un por cada unha das organizacións citadas.

O Consello Consultivo será presidido polo presidente da Axencia. Poderanse nomear dous vicepresidentes, por e de entre os membros do dito consello.

3. Excepcionalmente, o presidente poderá convidar ás reunións do Consello Consultivo aquelas persoas que considere necesarias pola súa especial cualificación sobre os temas incluídos na orde do día.

4. Os membros deste consello, unha vez propostos, serán designados pola persoa titular do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e a duración do seu mandato será de dous anos.

Artigo 23. *Funcións do Consello Consultivo.*

1. O Consello Consultivo asesorará o Consello de Dirección e o director executivo da Axencia cando e no que estes soliciten, e será consultado preceptivamente nos seguintes asuntos:

a) Proxecto de programa de actividades.

b) Cando se requira información para establecer e manter mecanismos para actuar de forma integral nas políticas de seguridade alimentaria e nutrición.

2. Ademais, poderá ser consultado en todos aqueles aspectos en que, ao xuízo do presidente do Consello de Dirección, resulte conveniente solicitar o parecer do Consello Consultivo.

3. O Consello de Dirección, a través do seu presidente, deberá informar o Consello Consultivo das medidas e actuacións adoptadas en situacións de crise e emerxencia.

Sen prexuízo do anterior, o Consello Consultivo permanecerá regularmente informado das actividades da Axencia a través de sesións ordinarias de periodicidade semestral, convocadas polo presidente. Poderanse celebrar igualmente reunións extraordinarias, por iniciativa do presidente. Igualmente, o Consello poderá desenvolver as súas reunións con carácter presencial ou mediante procedementos alternativos baseados nas novas tecnoloxías de comunicación, tal como prevén a Lei 11/2007, do 22 de xuño. De ambas as sesións se levantará a acta e corresponderanlle ao funcionario designado polo director executivo os labores de secretario do Consello Consultivo.

4. O Consello Consultivo elaborará un regulamento interno de funcionamento no cal se especificarán o réxime de adopción de acordos, o carácter das convocatorias así como cantos aspectos instrumentais se considere conveniente establecer.

Artigo 24. *O Consello de Consumidores e Usuarios.*

1. O Consello de Consumidores e Usuarios é o órgano nacional de consulta da Administración xeral do Estado e de representación institucional dos consumidores e usuarios a través das súas organizacións.

2. O Consello de Consumidores e Usuarios integra as asociacións de consumidores e usuarios de ámbito supraautonómico que, atendendo á súa implantación territorial, número de socios, traxectoria no ámbito da protección dos consumidores e usuarios e programas de actividades que se van desenvolver, sexan máis representativas.

3. En canto á súa composición, funcións e funcionamento, o Consello de Consumidores e Usuarios rexerase polo establecido no capítulo IV do texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2007, do 16 de novembro, e outras leis complementarias, así como polo seu propio regulamento interno.

Artigo 25. *O Consello Xeral do Sistema Arbitral de Consumo.*

1. O Consello Xeral do Sistema Arbitral de Consumo é o órgano colexiado de representación e participación en materia de arbitraje de consumo.

2. A composición, funcións e modo de funcionamento do Consello Xeral serán os recollidos no Real decreto 231/2008, do 15 de febreiro, polo que se regula o Sistema arbitral de consumo.

*Sección 5.<sup>a</sup> Órgano de avaliación do risco: o Comité Científico*

Artigo 26. *Composición do Comité Científico.*

1. O Comité Científico é o órgano da Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición, que asume as funcións de lle proporcionar ao dito organismo ditames científicos en materia de consumo, seguridade alimentaria e nutrición, definir o ámbito dos traballos de investigación necesarios para as súas funcións e coordinar os traballos dos grupos de expertos que realicen actividades de avaliación de riscos no marco das actuacións da Axencia.

2. O Comité Científico estará integrado por dúas seccións, unha de seguridade alimentaria e nutrición e outra de consumo. A sección de seguridade alimentaria e nutrición contará cun máximo de 20 membros de recoñecida competencia científica en ámbitos relacionados con cada unha das materias que se sinalan no número 3. A sección de consumo poderá contar con ata 10 membros de recoñecida competencia científica en ámbitos relacionados con cada unha das materias que se sinalan no número 4.

3. Na sección de seguridade alimentaria e nutrición contarase con especialistas pertencentes a distintos campos, tales como, entre outros, os que respondan á seguinte distribución:

Toxicoloxía Alimentaria, Microbioloxía, Viroloxía, Parasitoloxía ou Zoonoses Alimentarias, Epidemioloxía Humana, Epidemioloxía Animal, Biotecnoloxía e Modificación Xenética, Inmunoloxía e Alergoloxía, Nutrición Humana, Epidemioloxía e Saúde Pública desde o punto de vista da Nutrición, Alimentación Animal, Farmacoloxía, Procesos Tecnolóxicos Alimentarios ou Análises e Instrumentación.

4. Na sección de consumo contarase con especialistas pertencentes a distintos campos, tales como, entre outros, os que respondan á seguinte distribución:

Alergoloxía, Bioloxía, Cosmética, Dereito, Economía, Farmacoloxía, Física, Enxeñaría, Medicina, Psicoloxía, Química, Toxicoloxía ou Educación infantil.

*Artigo 27. Nomeamento dos membros do Comité Científico.*

1. Os membros de cada unha das seccións do Comité Científico serán seleccionados e nomeados polo Consello de Dirección, por proposta do presidente, por un período de dous anos renovable. Os criterios de selección basearanse na excelencia e adecuación dos candidatos ás funcións requiridas, así como na súa independencia e na dispoñibilidade obxectiva para o adecuado exercicio da súa función. O Consello de Dirección informará sobre o proceso de selección os órganos de asesoramento e coordinación da Axencia, que poderán formular propostas a aquel.

2. Polos membros de cada unha das seccións do Comité Científico e de entre eles serán nomeados un presidente e un vicepresidente de cada unha das seccións.

*Artigo 28. Funcionamento do Comité Científico.*

1. Baixo a dependencia do Comité Científico, dentro de cada unha das seccións, constituiranse os grupos de expertos de avaliación de riscos alimentarios, nutrición e consumo, que o Consello de Dirección considere necesario, por proposta do director executivo, en consulta deste co Comité. Os ditos grupos poderán estar integrados por membros do Comité, por expertos externos ou por ambos, nas áreas mencionadas nos números 3 e 4 do artigo 26, ou noutras disciplinas igualmente conexas co consumo, a seguridade alimentaria e a nutrición. O acordo de creación dos ditos grupos, que con carácter xeral non serán permanentes, establecerá o seu obxecto, a súa conformación, o prazo en que se deberán constituír e no cal deberán cumprir o mandato encomendado polo Consello de Dirección. O presidente de cada unha das seccións do Comité Científico coordinará os traballos dos grupos de expertos. O Comité Científico referendará, se procede, os traballos dos ditos grupos, que informarán do resultado da súa actividade o presidente da respectiva sección, e este o Consello de Dirección a través do director executivo.

2. O Comité Científico e os seus grupos de expertos actuarán de acordo cos principios de excelencia e independencia na súa actividade de avaliación. Circunscribirán o seu ámbito de actuación ás solicitudes expostas polo Consello de Dirección e poderán elevar propostas ao dito órgano, por propia iniciativa, a través do director executivo.

3. O Comité Científico expresarase formalmente mediante informes do Comité Científico da Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición, que se farán públicos de acordo co establecido no artigo 39 do presente estatuto. Neles faranse constar, en caso de controversia, os votos particulares motivados.

4. O Comité Científico e os seus membros canalizarán toda relación institucional derivada da súa pertenza á Axencia a través do director executivo e do Consello de Dirección do organismo autónomo. Absteranse de levar a cabo actividades de comunicación de riscos, así como calquera tipo de manifestación ou declaración en relación coa súa actividade de avaliación, sen a expresa autorización do Consello de Dirección. Están obrigados polo sixilo profesional durante o proceso de elaboración de informes e ata que estes se consideren finalizados e se fagan públicos.

5. Co fin de apoiar e dar soporte científico-técnico aos traballos encomendados ao Comité Científico, a Axencia impulsará a creación dunha rede de institucións que colaboren permanentemente nos ditos traballos.

*Artigo 29. Declaración de independencia, transparencia e confidencialidade para os membros do Comité Científico.*

1. No desenvolvemento das súas funcións, os membros do Comité Científico deberán manter a súa independencia e a confidencialidade debidas en relación cos datos, informacións e deliberacións dos cales teñan coñecemento por razón da súa pertenza a el.

2. Así mesmo, en virtude do principio de transparencia, os membros do Comité Científico cubrirán ante a súa secretaría unha declaración de conflito de intereses e



actualizarana cando se dean circunstancias que así o requiran, derivadas do exercicio do cargo en relación con outras actividades profesionais. No caso de que sexan empregados públicos da Administración xeral do Estado, remitirán as ditas declaracións á Oficina de Conflitos de Intereses para efectos de que esta unidade resolva acerca da compatibilidade destas actividades ao abeiro da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas. Cando se dean tales circunstancias, os membros do Comité Científico absteranse de participar en calquera actividade súa ou das súas subcomisións, comités ou grupos de expertos en que participen e que comporten un conflito de intereses coas súas actividades profesionais, nos termos previstos nesta norma e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Os membros do Comité Científico realizarán declaracións de causas que xeren situacións de incompatibilidade para o desenvolvemento dos seus labores. Se no transcurso do seu mandato sobreveñen causas susceptibles de xerar situación de incompatibilidade para o desenvolvemento da súa xestión, os afectados por aquela realizarán ante o presidente da Axencia inmediata declaración delas, que serán avaliadas polo Consello de Dirección. No caso de que as ditas causas se refiran a empregados públicos da Administración xeral do Estado, remitiranse á Oficina de Conflitos de Intereses para efectos de aplicación do previsto na norma citada no punto anterior. Se a partir da dita avaliación este conclúe que a independencia do declarante para exercer o seu mandato como membro do Comité podería verse comprometida, o incurso en incompatibilidade terá oito días para optar entre a súa condición de membro do Comité e o cargo ou dedicación incompatible. Se non exerce a opción no prazo sinalado, o Consello formulará, a través do presidente da Axencia, proposta de remoción e substitución, sen prexuízo das competencias da Oficina de Conflitos de Intereses nesta materia.

#### CAPÍTULO IV

##### **Programas de actividades e memoria anual de actividades**

Artigo 30. *Programas de actividades.*

1. O director executivo elaborará, con periodicidade anual, un proxecto de programa de actividades que comprenda as previsións anuais e, de ser o caso, plurianuais. Para iso solicitará as achegas dos órganos de asesoramento, coordinación e avaliación de riscos. O dito proxecto elevarase ao Consello de Dirección para efectos da súa aprobación.

2. Os programas de actividades, aprobados de acordo co punto anterior, serán obxecto de difusión.

Artigo 31. *Memoria de actividades.*

1. O director executivo solicitará dos restantes órganos da Axencia, así como das súas unidades, toda a información necesaria para elaborar, con periodicidade anual, a memoria de actividades da Axencia.

2. A dita memoria, en fase de proxecto, elevarase ao Consello de Dirección para efectos da súa aprobación.

3. A memoria anual será obxecto de difusión.

#### CAPÍTULO V

##### **Redes de alerta**

Artigo 32. *Sistema coordinado de intercambio rápido de información para alertas alimentarias.*

1. A Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición coordinará, de forma centralizada e en estreita relación coas autoridades territoriais competentes, un

sistema de intercambio rápido de información ou rede de alerta alimentaria, a través do cal se difundirá calquera información que poida comprometer de forma grave e potencialmente inmediata a saúde dos consumidores.

2. O dito sistema, de carácter nacional e único, funcionará conforme criterios de urxencia, selectividade e, cando así se requira, confidencialidade na transmisión da información, sen prexuízo dos requisitos de orde funcional recollidos no Real decreto 1801/2003, do 26 de decembro, sobre seguridade xeral dos produtos, e nos instrumentos de aplicación da Directiva 2001/95/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 3 de decembro de 2001, relativa á seguridade xeral dos produtos, incorporada ao ordenamento interno mediante o mencionado real decreto.

3. A Axencia actuará como centro coordinador de ámbito nacional da Rede de puntos de contacto para alertas alimentarias, que poderá ser modificada por acordo do Consello de Dirección.

4. A Axencia actuará igualmente como punto de contacto de España no sistema RASFF (sistema comunitario de alerta rápida para alimentos e pensos) e o sistema internacional INFOSAN, constituíndo un nexo de intercambio de información entre as autoridades nacionais, a Comisión Europea e os Estados membros. A dita condición enténdese sen prexuízo do establecido no Real decreto 1471/2008, do 5 de setembro, polo que se establece e regula a rede de alerta para os pensos.

5. Correspóndelle á Axencia, a través do seu director executivo, desencadear a posta en marcha da Rede de alerta alimentaria nacional, sexa por iniciativa propia, por instancia das autoridades autonómicas competentes ou da Comisión Europea.

6. O director executivo informará o presidente da Axencia acerca daqueles expedientes de alerta que, en función da súa potencial gravidade, se deban pór en coñecemento do Consello de Dirección do citado organismo. Este proceder levarase a cabo sistematicamente en situacións de crise ou emerxencia alimentaria.

7. En aplicación do principio de transparencia, a Axencia informará os consumidores dos riscos daqueles alimentos incluídos neste sistema que sexan susceptibles de difusión.

8. A Axencia velará polo mantemento da coordinación adecuada con outros sistemas ou redes de intercambio rápido de información que poidan afectar a seguridade alimentaria.

9. Con periodicidade anual elaborárase unha memoria de funcionamento da Rede de alerta alimentaria, que se anexará á memoria anual de actividades da Axencia. No documento que se incorpore a esta omitiranse aqueles datos relativos a empresas ou particulares que non se poidan facer públicos en razón da confidencialidade.

### Artigo 33. *Rede de alerta dos produtos de consumo non alimenticios.*

1. A Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición xestionará, de forma centralizada e en estreita relación coas autoridades territoriais competentes, a Rede de alerta de produtos non alimenticios postos á disposición dos consumidores.

2. A Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición constituirá o punto de contacto nacional do Sistema de intercambio rápido de información de produtos non alimenticios, entre as autoridades españolas competentes no seu control no mercado. Ao mesmo tempo, será o punto de contacto en España do sistema RAPEX (sistema comunitario de intercambio rápido de información), constituíndo un nexo de intercambio de información entre as autoridades nacionais, a Comisión Europea e os restantes Estados membros.

3. A Rede de alerta de produtos non alimenticios funcionará segundo o previsto no Real decreto 1801/2003, do 26 de decembro, sobre seguridade xeral dos produtos. Na súa aplicación, a Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición adoptará as medidas que lle correspondan en función da competencia da Administración xeral do Estado.

4. En aplicación do principio de transparencia, a Axencia informará os consumidores dos riscos daqueles produtos incluídos neste sistema que sexan susceptibles de difusión.

5. Correspóndelle á Axencia, a través do seu director executivo, desencadear a posta en marcha da Rede de alerta de seguridade de produtos nacional, sexa por iniciativa propia, por instancia das autoridades autonómicas competentes ou da Comisión Europea.

6. O director executivo informará o presidente da Axencia acerca daqueles expedientes de alerta que, en función da súa potencial gravidade, se deban pór en coñecemento do Consello de Dirección do citado organismo. Este proceder levarase a cabo sistematicamente en situacións de crise ou emerxencia.

7. A Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición promoverá as colaboracións necesarias, tanto con outros órganos da Administración xeral do Estado como cos sectores económicos, para unha adecuada xestión da Rede de alerta de produtos non alimenticios.

8. Anualmente, elaborárase unha memoria cos datos da Rede de alerta de produtos de consumo non alimenticios, que se anexará á memoria anual de actividades da Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición.

## CAPÍTULO VI

### Comités de crise e emerxencia

#### Artigo 34. *Comités de crise e emerxencia.*

1. Correspóndelle ao presidente da Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición valorar e decidir a necesidade e oportunidade de constituír comités de crise e emerxencia ante incidencias que precisen de tal consideración, do cal informarán o Consello de Dirección e os restantes órganos da Axencia.

2. A composición dos ditos comités de crise será especificamente decidida polo presidente para cada episodio desta natureza, que integrará os membros dos órganos da Axencia que mellor proceda en función da materia de que se trate. O director executivo, así como o titular do posto de traballo ou da unidade á cal, de ser o caso, lle corresponda a comunicación e a coordinación institucional, deberán formar parte en todo caso da composición destes comités. Poderán formar parte dos comités específicos de crise expertos alleos aos órganos e estrutura da Axencia. Os ditos expertos deberán estar en todo caso ao disposto nos artigos 29 e 40 en materia de confidencialidade da información.

3. Os compoñentes dos comités de crise canalizarán toda relación institucional derivada da súa pertenza a eles a través do presidente da Axencia. Absteranse de levar a cabo actividades de comunicación de riscos, así como calquera tipo de manifestacións ou declaracións en relación coa súa actividade, sen a expresa autorización do presidente.

4. Corresponderalle igualmente ao presidente da Axencia a decisión de desactivar os comités de crise e informar diso o Consello de Dirección e os restantes órganos da Axencia.

#### Artigo 35. *Procedemento xeral de actuación en situacións de crises. Plans específicos.*

1. O director executivo, coa colaboración dos restantes órganos da Axencia e as súas unidades básicas, coordinará a elaboración do procedemento xeral de actuación en situacións de crise e emerxencia, así como dun procedemento xeral de comunicación de riscos, que se elevarán ao Consello de Dirección para efectos da súa aprobación polo seu presidente.

2. Os comités de crise levarán a cabo a súa función de acordo cun plan específico expresamente deseñado para cada episodio. Os ditos plans específicos incluírán pautas específicas de comunicación de riscos e axustaranse, en todo caso, ás directrices contidas no procedemento xeral de actuación en situacións de crise e emerxencia, que se referirán aos mecanismos adicionais de coordinación intersectorial e interterritorial que se van activar, ao inventario de recursos dispoñibles para avaliación do risco e control do perigo e á coordinación e adecuación da comunicación de riscos.

## CAPÍTULO VII

**Relacións con outras autoridades**

Artigo 36. *Relacións coa Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria.*

A Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición, a través do seu director executivo, relaciónase coa Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria, así como coas axencias ou organismos similares doutros países.

Artigo 37. *Relacións coa autoridade europea en materia de seguridade de produtos non alimenticios.*

A Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición, a través do seu director executivo, relaciónase coa autoridade europea en materia de seguridade de produtos non alimenticios, así como coas axencias ou organismos similares doutros países.

Artigo 38. *Relacións con outras autoridades en cuestións que afecten a seguridade alimentaria, nutrición e consumo.*

A Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición, na súa condición de autoridade sanitaria e de consumo, poderá solicitar, no exercicio das súas funcións, a cooperación doutras autoridades e poderes públicos.

## CAPÍTULO VIII

**Acceso aos documentos da Axencia**

Artigo 39. *Difusión e consulta de informes, documentos e acordos da Axencia.*

1. A Axencia, de acordo co principio de transparencia e sen prexuízo do respecto do dereito á intimidade das persoas e ás materias protexidas polo segredo industrial e comercial, mediante solicitude ao director executivo, facilitará o acceso aos ditames e informes técnicos dimanantes da súa actividade, unha vez que se consideren definitivos.

2. A Axencia poderá dar difusión por propia iniciativa, a través da súa Unidade de Comunicación e Coordinación Institucional, a cantos ditames ou informes considere conveniente, mediante publicacións oficiais, medios electrónicos de difusión de información ou inserción en medios de comunicación social.

3. O acceso a outros documentos, incluídas as actas das reunións dos órganos da Axencia, rexerá polo establecido no artigo 37 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, en canto ao acceso dos cidadáns a arquivos e rexistros. Así mesmo, será de aplicación, en canto resulte de aplicación, o establecido na Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente.

Artigo 40. *Confidencialidade da información.*

1. Sen prexuízo do exposto no artigo precedente, os membros dos órganos da Axencia, así como calquera que, mesmo non pertencendo a aqueles, participe nas súas reunións ou grupos de traballo gardarán segredo das deliberacións, así como de todos os datos ou informacións de que tivesen coñecemento no exercicio das súas funcións.

2. Todo o persoal ao servizo da Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición deberá manter sixelo, mesmo despois de cesar nas súas funcións, sobre os datos dos expedientes de autorización de ingredientes, produtos ou procesos alimentarios que coñeza no desempeño das súas tarefas, e non facer uso indebido da información obtida.

## CAPÍTULO IX

### Réxime económico, orzamentario e de contabilidade

#### Artigo 41. *Financiamento.*

Os recursos económicos da Axencia estarán integrados por:

- a) As asignacións que anualmente se establezan con cargo aos orzamentos xerais do Estado.
- b) As achegas procedentes de fondos comunitarios destinados ao cumprimento dos seus fins.
- c) As taxas e outros ingresos públicos dimanantes da súa actividade.
- d) As subvencións, así como os ingresos que obteña como consecuencia de concertos ou convenios con entes públicos.
- e) Calquera outro recurso non previsto nos parágrafos anteriores e que legalmente lle poida corresponder, ou encomendas de xestión.

#### Artigo 42. *Contabilidade e intervención.*

1. A Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición aplicará os principios e as normas contables establecidas no Plan xeral de contabilidade pública e as súas normas de desenvolvemento.

2. A Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición estará sometida a control pola Intervención Xeral da Administración do Estado, na forma prevista na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, para os organismos autónomos, e existirá unha intervención delegada da Intervención Xeral da Administración do Estado co nivel que se determine na correspondente relación de postos de traballo.

#### Artigo 43. *Réxime orzamentario.*

1. A Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición elaborará anualmente un anteproxecto de orzamento coa estrutura que sinale o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, e remitirao ao Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade para a súa elevación ao Goberno e a súa posterior remisión ás Cortes Xerais, como parte dos orzamentos xerais do Estado.

2. O réxime orzamentario da Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición será o establecido na Lei xeral orzamentaria para os organismos autónomos.

## CAPÍTULO X

### Réxime patrimonial

#### Artigo 44. *Patrimonio.*

A Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición poderá ter adscritos bens do patrimonio do Estado para o cumprimento dos seus fins.

A xestión patrimonial da Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición levarase a cabo de acordo co establecido na Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, e disposicións de desenvolvemento.

## CAPÍTULO XI

### Réxime de contratación

Artigo 45. *Réxime de contratación da Axencia.*

A contratación da Axencia réxese polo establecido no texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, e disposicións de desenvolvemento.

Artigo 46. *Informes ou consultas solicitados a expertos.*

1. Para efectos do disposto no artigo 3 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, considéranse de interese público as actividades, informes ou consultas ordenados pola Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición aos expertos a que se refire o artigo 28.2 deste estatuto.

2. A Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición xestionará de oficio, ante os órganos competentes, os correspondentes procedementos de compatibilidade.

3. A relación de expertos e a referencia ás actividades, informes ou consultas encargados pola Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición figurarán na memoria anual.

## CAPÍTULO XII

### Réxime de persoal

Artigo 47. *Persoal directivo.*

1. Terán a consideración de persoal directivo da Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición os subdirectores xerais. O persoal directivo será funcionario de carreira do subgrupo A1.

2. O persoal directivo desempeñará o seu cargo con dedicación absoluta, plena independencia e total obxectividade, e no desenvolvemento dos seus labores someterase a avaliación conforme os criterios de eficacia, responsabilidade pola súa xestión e control de resultados en relación cos obxectivos fixados. Deberá observar os deberes de dilixencia, discreción e sxiilo profesional no desempeño do seu cargo.

3. Na designación do persoal directivo atenderase ao principio de mérito e capacidade e a criterios de idoneidade, e levarase a cabo mediante procedementos que garantan a publicidade e a concorrência.

Os subdirectores xerais da Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición serán designados pola persoa titular do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade polo procedemento de libre designación.

Artigo 48. *Relación de postos de traballo.*

A Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición proporalles aos órganos competentes, a través do Ministerio de Sanidade Servizos Sociais e Igualdade, a relación dos seus postos de traballo.

Artigo 49. *Retribucións.*

As retribucións do persoal funcionario e laboral da Axencia axustaranse ao disposto nas leis anuais de orzamentos.



Artigo 50. *Provisión de postos de traballo.*

1. A Axencia Española de Consumo, Seguridade Alimentaria e Nutrición proverá os postos de traballo adscritos ao persoal funcionario axustándose á lexislación da función pública.

2. Os postos de traballo adscritos ao persoal laboral proveranse de conformidade co disposto no artigo 83 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público.